



MPN/pnb

4442

10 JUN. 2016

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, á vista do informe-proposta da xefa do Servizo de Cooperación, ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

### SERVIZO DE COOPERACIÓN

NÚMERO DE EXPEDIENTE: PPOS/15/00930/201500471

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO: "REHABILITACIÓN DE FIRME DO CAMIÑO DE SAN AMEDIO"

BENEFICIARIO: Concello de BUEU

ASUNTO: Autorización aplicación baixa que importa 13.675,15 euros

### INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Resultando que no expediente están acreditados os seguintes,

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión de 30 de decembro de 2014, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 1, do 2 de xaneiro de 2015, sendo o seu obxecto, no marco da cooperación económica, a concesión de subvencións ás entidades locais da provincia para financiar a realización de investimentos e os gastos correntes nos que incorren na súa actividade como xestores públicos. Se ben se debe ter en conta a modificación do dito plan aprobado mediante acordo plenario do 27 de febreiro de 2015, publicado no BOPPO núm. 41, do 2 de marzo de 2015.
- Mediante acordo da xunta de goberno núm. 11.23151 de 6 de marzo de 2015, concedeuse subvención ao abeiro do PPOS/15, por importe de 149.453,50 € ao concello de Bueu, CIF P3600400J, para o financiamento do investimento "REHABILITACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS DE CELA E BELUSO", (Ref: PPOS/15/00930/201500048) cun orzamento polo mesmo importe.
- Con data 29/05/2015 o concello adxudica o investimento salientado no punto anterior, á empresa TRANSPORTES E CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, SLU, contemplándose formalmente unha baixa por importe de 54.952,50 euros.
- En data 19/08/2015 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación co número de rexistro 201509384, solicitude do concello solicitando a preceptiva autorización para a aplicación da baixa xerada no investimento principal nun novo investimento denominado "PAVIMENTACIÓN DE CATRO CAMIÑOS PÚBLICOS". O reinvestimento da baixa, por importe de 54.952,50 euros, na nova obra proposta polo Concello foi autorizada por resolución presidencial núm. 2015024710 do 21 de outubro de 2015.
- Adxudicado o investimento "PAVIMENTACIÓN DE CATRO CAMIÑOS PÚBLICOS" (Ref.: PPOS/15/00930/201500441), **acadase unha nova baixa** por importe de 13.712,64 euros e o Concello de Bueu, mediante escrito (núm. rexistro de entrada na Deputación 2016015352

de 16/02/2016) solicita a aplicación do importe que ascende a 13.675,15 euros nun novo investimento denominado "REHABILITACIÓN DE FIRME CAMIÑO DE SAN AMEDIO".

- O investimento "PAVIMENTACIÓN DE CATRO CAMIÑOS PÚBLICOS" (Ref.: PPOS/15/00930/201500441) está totalmente rematado e atópase no servizo de mobilidade desta Deputación para a súa comprobación formal e material. (xúntase copia)

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL)
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o ano 2016
- Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 10ª do PPOS/15, relativa á instrución, procedemento e xustificación, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.
- Base reguladora 12ª do PPOS/15, relativa os proxectos, que indica que a Deputación, procedera, en todo caso, a supervisión e control dos proxectos tendo en conta especialmente os prezos das distintas unidades de obra.
- Base reguladora 14ª do PPOS/15, relativa á licitación e modificación dos contratos de investimentos, indica que, previa solicitude á Deputación, de se produciren baixas nas adxudicación dos contratos a entidade local beneficiaria poderá aplicalas no mesmo investimento ou noutro distinto e contempla a documentación necesaria para súa autorización.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 82 e 83 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, que sinala que a aceptación de



informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### PROCEDENCIA DA AUTORIZACIÓN

- Artigo 151 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Contratos do Sector Público relativo a adxudicación e clasificación dos contratos que establece que a adxudicación guírase polos criterios de adxudicación establecidos nos pregos e de existir un único criterio este será a oferta economicamente máis vantaxosa.
- Artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións, que establece que son subvencionables aqueles gastos que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras, sempre que os gastos se axusten a mercado.
- Base 14ª das reguladoras do PPOS/15 que dispón que de se produciren baixas nas adxudicación dos contratos a entidade beneficiaria poderá, previa solicitude, aplicarlas no mesmo investimento de selo seu importe inferior a 10.000,00 euros e de ser superior noutro distinto.
- Base 16ª das reguladoras do PPOS/15 que dispón que os investimentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, deberán estar executados e xustificados, na súa totalidade, o 31 de decembro de 2016.

### CONCLUSIÓNS:

Visto que as bases reguladoras do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2015 non contemplan unha limitación obxectiva no reinvestimento das baixas de adxudicación xeradas nos investimentos incluídos neste programa de axudas; que o concello de Bueu presentou en prazo e forma a documentación necesaria para a autorizar a aplicación da baixa xerada no investimento "Pavimentación catro camiños públicos" (Ref.. PPOS/15/00930/201500441), axustándose a súa petición ó disposto na base décimo cuarta das reguladoras do plan e sendo o seu obxecto subvencionable conforme a base primeira; que dende a xefatura dos servizos técnicos de mobilidade supervisouse a realidade do proxecto achegado, emitíndose informe favorable con data 31 de marzo de 2016., INFORMO FAVORABLEMENTE E PROPOÑO que se autorice ó Concello Bueu, CIF.:P3600400J, aplicación da baixa xerada no investimento arriba salientado, por importe 13.675,15€. Este crédito destinarase ó financiamento da nova obra proposta polo concello de Bueu denominada "REHABILITACIÓN DE FIRME CAMIÑO DE SAN AMEDIO".

### RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO.

- En virtude das competencias recollidas no artigo 34.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 61 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, nos artigos 183 e ss. do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, na base 17ª das de execución dos orzamentos provinciais e demais lexislación de aplicación, correspóndelle á Presidencia a autorización da aplicación desta baixa.

*Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.*

Tendo en conta o exposto e o informe da intervención de data 06 de xuño de 2016, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- Autorizar ó Concello de Bueu CIF.: P3600400J, a aplicar baixa xerada no investimento "PAVIMENTACIÓN DE CATRO CAMIÑOS PÚBLICOS" (Ref.: PPOS/15/00930/201500441), por importe de 13.675,15€, no financiamento do investimento "REHABILITACIÓN DE FIRME DO CAMIÑO DE SAN AMEDIO" (Ref.: PPOS/15/00930/201500471). Baixa que deberá estar executada e xustificada na súa integridade a 31 de decembro de 2016.
- O pagamento da obriga realizarase contra a aplicación 2016/942.9420.762.45.2015 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado da presente resolución ó Concello de Bueu, Servizo de Intervención, Servizo de Cooperación e Gabinete da presidencia.

Pontevedra, 7 de xuño de 2016  
A XEFA DO SERVIZO DE COOPERACIÓN MUNICIPAL.-  
Asdo.: Marina Piñeiro Novo"



Vista a precedente proposta de acordo, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente."

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 7 de xuño de 2016.  
O SECRETARIO XERAL  
Por delegación á xefa do servizo de cooperación  
segundo R.P. núm. 2016001033, do 25 de xaneiro de 2016

  
Marina Piñeiro Novo  
  
DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BUEU